

Camariñas, 19 de decembro de 2013.

Estimado empresario/a,

O Concello de Camariñas coa cofinanciación da Consellería de Economía e Industria e os fondos FEDER, ten instalado nas proximidades da praza do mercado unha **pantalla exterior publicitaria** que ofrecerá información sobre actividades e novidades no Concello de Camariñas.

Esta pantalla forma parte do programa **MELLORA DA COMPETITIVIDADE E PROMOCION ECONOMICA DO TECIDO EMPRESARIAL DE CAMARIÑAS** que o Concello ten previsto realizar durante o ano 2014. Programa que será presentado ao tecido empresarial do Concello en próximas datas.


No entanto como estamos no Nadal e para aproveitar esta tempada alta de vendas e promocionar o comercio e tecido empresarial local, o Concello de Camariñas quer **ofrecer gratuitamente o servizo de publicidade nesta pantalla** exterior aos comercios e outras actividades económicas municipais.

As empresas interesadas deberán entregar asinado o documento anexo **SOLICITUDE DE PARTICIPACION NO PROGRAMA MELLORA DA COMPETITIVIDADE E PROMOCION ECONOMICA DO TECIDO EMPRESARIAL DE CAMARIÑAS. 2014** na Axencia de Desenvolvemento Local de Camariñas e solicitará no enderezo electrónico departamento.informatico@camarinas.net as instrucións e normas para enviar a información a publicar na pantalla exterior ao técnico municipal da Aula de Informática de Camariñas.

Para máis información pode contactar coa Axencia de Desenvolvemento Local de Camariñas:
Praza de Insuela S/N 15123 Camariñas (A Coruña)
981737004
Info@camarinas.net

Na espera que esta proposta sexa do seu interese e desexándolle Felices Festas

Un atento saúdo



O ALCALDE

Asd: Manuel Valeriano Alonso de León